



FAPACEL

*Edificio Cei Nodus Concello de Lugo
Av. de A Coruña, 500
27003 – Lugo
fapacel@gmail.com*



Dende a Federación a Anpas de Centros Públicos da provincia de Lugo queremos amosar o noso apoio á ANPA do CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos na súa reivindicación contra os recortes en especialistas de apoio educativo.

Estas especialistas son absolutamente necesarios para a formación e desenvolvemento das nenas e nenos. E son parte indispensable dun ensino inclusivo e igualitario como o que defendemos nós, como anpas e como federación. Iso é polo que loitamos, algo imposible de acadar mentres a consellería siga considerando ás nenas e nenos como números e non como cidadás e cidadáns con dereitos .

Xa a finais do curso pasado denunciámos situacións semellantes no que atinxe á atención á diversidade; agora vemos que a consellería segue coa mesma traxectoria de recortes e de acabar co pouco que temos dese ensino público inclusivo do que tanto gusta de gabarse.

Durante este curso 23-24 tivemos que ver como se recortaban as horas de apoio das especialistas en AL e PT, sen que as familias recibiran ningunha notificación sobre estes cambios que afectaban directamente as súas fillas e fillos. Por riba, temos que engadir que, debido a graves problemas do centro en canto a xestión e organización dos recursos, estes apoios non son estables , xa que cambian practicamente tódalas semanas (número e distribución das horas e persoal asignado) o que supón un gran desaxuste tanto para o alumnado, ao que rompen as rutinas que lles son absolutamente necesarias, como para as propias especialistas. Esta situación está a ocasionar nestas nenas e nenos modificacións importantes na súa conduta na colectividade, inseguridades, desaxustes emocionais, baixada do rendemento académico; imposibilidade para acadar os obxectivos do curso. Isto é a parte máis dramática desta situación.

Por iso, facemos nosas as reivindicacións desta anpa:

- Que se esixa ó centro a correcta xestión e reparto dos recursos de tal xeito que chegue a todo o alumnado en atención ás súas necesidades.
- Que se respecten as funcións das especialistas e demais profesionais no ámbito das necesidades específicas de aprendizaxe acorde á lexislación vixente.
- Que se lle garanta ao alumnado unha estabilidade baseada en figuras de referencia de acordo cos obxectivos, fins e principios inspiradores do noso sistema educativo.

Lembrémolo de novo, é importante: as nenas e nenos non son números nunha conta de resultados, nin as familias galegas estamos dispostas a que se lles trate dese xeito. E esta consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional debера telo en conta.

Isabel Calvete

Presidenta da FAPACEL